

As marismas mariñás na encrucillada da conservación

ACTIVIDADE DE OBSERVACIÓN

VENRES 22 DE SETEMBRO

Noite de morcegos na xunqueira

Imos achegarnos á xunqueira da ría de Betanzos para acompañar a un equipo da asociación Morcegos de Galicia nas súas investigacións sobre a presenza e distribución das distintas especies de quirópteros, particularmente do *Pipistrellus nathusii*, unha especie escasa e pouco coñecida no noso país.

Se antes da xornada desexas ir avanzando no coñecemento do seu proxecto SOnat e os métodos de investigación que usan, podes consulta-la páxina web http://www.morcegosdegalicia.org/proxecto_sonat.php e ve-lo vídeo <https://www.youtube.com/watch?v=5H5Escs6aU0&t=24s>.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 20:00 horas para compartir vehículos. Pensamos remata-la actividade ás 22:00 horas.

Unha vez aparquemos os vehículos, camiñaremos 500 metros por unha pista asfaltada até o lugar onde vai desenvolverse a actividade. Tras escoitar explicacións sobre a vida dos morcegos e os métodos para estudalos, imos internarnos na beira da xunqueira. Poderemos localizar a presenza dos morcegos co uso de detectores de ultrasóns, e incluso determina-las especies polas súas vocalizacións. Tamén seremos testemuñas do estudo dos morcegos mediante o uso de redes para a súa captura, toma de datos biométricos e posterior liberación.

Non é unha zona dificultosa, pero é conveniente vestir calzado robusto (botas de auga ou de montaña). Para defenderse da vexetación e dos mosquitos, aconséllase vestir calcetíns altos, pantalón largo e roupa de manga larga (incluso sombreiro, a quen lle faga falla). Non estará de máis usar repelente, particularmente no caso de persoas sensibles ás picaduras. Tamén é conveniente levar unha lanterna ou un frontal, para ilumina-lo camiño cando andemos.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os participantes, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, concello de residencia, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.